

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A UTILIZACIÓN DAS INSTITUCIÓNS SANITARIAS NA DOCENCIA DO GRAO UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA BIOMÉDICA.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

Dunha parte, Don **Antonio Gómez Caamaño**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade co Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

E doutra parte, **don Manuel J. Reigosa Roger**, reitor magnífico da Universidade de Vigo (CIF Q8650002B), que actúa en nome e representación da Universidade en virtude do seu nomeamento polo Decreto 59/2018, do 31 de maio, e polas facultades conferidas pola Ley Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, e do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo.

Ambas as dúas partes recoñécense capacidade legal para subscribir o presente acordo, e para isto,

EXPOÑEN

Primeiro. Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á Consellería de Sanidade dende a súa creación pola Lei 1/1989 de 2 de xaneiro, ten entre as súas funcións a xestión das prestacións sanitarias e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos a el, así como o desenvolvemento dos programas de docencia que lle sexan encomendados pola Consellería, dentro da súa competencia ou que sexan necesarios para os seus fins.

Segundo. Que a Universidade de Vigo é unha institución de dereito público á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno de acordo coa Constitución e coa Ley Orgánica

2/2023, de 22 de marzo, e entre os seus fins prioritarios figuran, entre outros, a consecución das máximas cotas de calidade de docencia e o desenvolvemento de formación axeitada, presencial ou non, para facilitar a aprendizaxe do estudiantado e a preparación para o exercicio de actividades profesionais.

Terceiro. Que é de interese común do Servizo Galego de Saúde e da Universidade de Vigo a formación no grao en Enxeñaría Biomédica da Escola de Enxeñaría Industrial nas súas diferentes etapas en tanto que, ambas as dúas partes, teñen como función básica a prestación dun servizo público á sociedade.

Cuarto. Que a Consellería de Sanidade, o seu organismo autónomo o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Vigo veñen colaborando no desenvolvemento de actividades docentes no ámbito da saúde dende fai tempo.

Quinto. Que o taller de persoas expertas sobre enxeñaría biomédica que se celebrou no Parlamento Europeo o 27 de marzo de 2012 definiuna nos seguintes termos: “A enxeñaría biomédica é unha ciencia interdisciplinaria baseada na medicina, na bioloxía e na enxeñaría. É fundamental para unha variedade de tecnoloxías sumamente innovadoras e de produtos ou procesos do sector da asistencia sanitaria. A enxeñaría biomédica debería entenderse como unha disciplina independente para utilizar mellor os recursos e aproveitar plenamente as oportunidades correspondentes. Polo tanto, é importante que a Unión Europea recoñeza todo o potencial da enxeñaría biomédica e promova, en consecuencia, a investigación colaborativa neste ámbito”.

Sexto. Que o envellecemento da sociedade, o aumento da gravidade das enfermidades crónicas e o aumento dos custos da asistencia sanitaria estanse a converter en retos mundiais. Dado que a tecnoloxía desempeña un papel clave no sector dos servizos de sanidade e asistencia, as actividades de investigación, innovación e desenvolvemento en enxeñaría biomédica, xunto cos servizos médicos e asistenciais, son desafíos importantes na sociedade actual.

O Comité Económico e Social Europeo no seu ditame do 10 de xullo de 2014 considera que a enxeñaría biomédica nos servizos médicos e sanitarios pode desempeñar un papel importante á hora de facer fronte aos retos da sociedade, como o cambio demográfico, a redución da base imponible e o crecemento da demanda de asistencia sanitaria.

Unha das conclusións do devandito ditame foi que os Estados membros deberán adoptar programas coherentes de asistencia sanitaria a longo prazo, así como plans de acción para desenvolver unha investigación innovadora, novas tecnoloxías e a educación da alta calidade en biomedicina e outros ámbitos pertinentes da enxeñaría.



A este respecto, a Organización Mundial da Saúde recoñece que se necesita un maior número de persoas enxeñeiras biomédicas para deseñar, avaliar, regular, manter e xestionar os dispositivos médicos e dar formación sobre o seu uso seguro nos sistemas sanitarios de todo o mundo.

Sétimo. Que na reunión da comisión Mixta da Universidade de Vigo – Sergas celebrada o día 11 de febreiro de 2021, acordouse no punto 2º da orde do día, ao amparo da especificación quinta 9. b) do Concerto entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde publicado por Orde do 20 de decembro de 2001 (DOG núm. 251, do 31 de decembro de 2001), a tramitación dun Acordo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Vigo para a utilización das institucións sanitarias na docencia do Grao Universitario en Enxeñaría Biomédica, como un instrumento xurídico independente do propio concerto.

Así mesmo, acordouse que para as fins do concerto entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde, e de conformidade coa especificación cuarta do mesmo, considerase centro asociado ao Hospital Alvaro Cunqueiro dentro da Área Sanitaria de Vigo.

A este respecto asinouse con data 4 de marzo de 2021 un acordo de colaboración que se mantivo vixente ata o 3 de marzo de 2025, polo que ambas partes manifestan a súa conformidade en realizar un novo acordo que dea continuidade ao anterior.

Oitavo. Ambas as dúas institucións reiteran a súa vontade e compromiso coa sociedade á que serven, poñendo a disposición desta o importante potencial de recursos humanos, culturais, docentes e de investigación que posúen e a súa vontade de cooperar de forma conxunta.

Que tanto o Servizo Galego de Saúde como a Universidade de Vigo consideran que a adecuada formación do estudiantado no grao de Enxeñaría Biomédica require unha formación teórico-práctica que permita adquirir unha experiencia e un acercamento aos problemas reais das distintas actividades propias desta disciplina. A necesidade de formación práctica, común a todas as especialidades da universidade, é fundamental especialmente na Enxeñaría Biomédica polas significativas repercusións que ten na saúde e benestar da poboación.

Noveno. Que o Servizo Galego de Saúde colabora no financiamento para garantir o desenvolvemento das ensinanzas teórico-prácticas do grao de Enxeñaría Biomédica da Escola de Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo, pretendendo dar cobertura a unha materia de interese público, social e sanitario que debido á súa especificidade técnica e á necesidade de garantir unha docencia de calidade de xeito inmediato que



resolva ás necesidades do alumnado que cursa esta formación universitaria, fan imposible promover neste caso a concorrència pública.

Esta iniciativa realízase ao abeiro do artigo 19.4, c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por canto contempla expresamente a posibilidade de concesión directa con carácter excepcional, de subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Que a Universidade de Vigo cumpre os requisitos que exige o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de persoa beneficiaria da subvención.

Que a Universidade de Vigo comprométese ademais a cumprir as obrigas especificadas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como calquera outra obriga que a normativa vixente en materia de subvencións exixa ás persoas beneficiarias destas.

Polo anteriormente exposto, ambas as dúas partes acordan subscribir este acordo de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*

1. O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde co obxectivo de garantir o desenvolvemento da docencia e da formación universitarias do grao de Enxeñaría Biomédica que imparte a Escola de Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo.

Ambas partes son conscientes da importancia que ten a ensinanza práctica para as disciplinas integradas no campo enxeñaría biomédica e a necesidade de que aquela se integre nas estruturas e servizos do sistema sanitario. Por tal motivo buscan garantir o nivel práctico da docencia nos estudos que a integran, a mellor preparación dos futuros/as profesionais e a busca da súa excelencia para o desenvolvemento das referidas ciencias a favor do benestar social no campo da saúde.

2. A colaboración estará orientada á formación do alumnado nas materias “Estrutura e patoloxía médica”, “Estrutura e patoloxía médico-cirúrxica”, “Enxeñaría clínica e hospitalaria”, “Fundamentos de tecnoloxía hospitalaria”, “Prácticas de tecnoloxía hospitalaria”. Esta colaboración estenderase aos “Traballos de Fin de Grao” que se realicen total ou parcialmente en colaboración co persoal da Área Sanitaria de Vigo e/ou nas súas instalacións.



3. Co fin de garantir a máxima calidade posible da docencia e, polo tanto, a mellor formación do estudiantado, no Anexo I determínase a distribución de contidos das materias a impartir nos centros da Área Sanitaria de Vigo e as prazas de profesorado a cubrir por persoas profesionais dependentes dela.

Segunda. Compromisos do Servizo Galego de Saúde

O Servizo Galego de Saúde asume os seguintes compromisos:

- a) Establecer os centros hospitalarios e centros de saúde da Área Sanitaria de Vigo nos que se levará a cabo a formación.
- b) Facilitar a actividade do persoal docente de ensinanzas teóricas-prácticas necesarias para o desenvolvemento do grao da Enxeñaría Biomédica nas materias que se enumeran na cláusula primeira.
- c) Financiar o 50% dos gastos que derivan da formación teórico-práctica necesarias para o desenvolvemento do grao da Enxeñaría Biomédica, mediante a achega dunha cantidade anual de 69.995,52 € nos anos 2025 e seguintes segundo se recolle no Anexo II
- d) Nas institucións sanitarias procurarase a coordinación harmónica entre a planificación asistencial e a planificación docente da Escola de Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo.

Xa que é obxectivo garantir a axeitada formación do estudiantado, axustarase a súa distribución en cada institución sanitaria dependente da Área Sanitaria de Vigo aos seus recursos docentes e asistenciais.

Terceira. Compromisos da Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo asume os seguintes compromisos:

- a) Realizará as funcións de supervisión e control do desenvolvemento do programa formativo do grao da Enxeñaría Biomédica, de acordo co Servizo Galego de Saúde.
- b) A Universidade de Vigo destinará os fondos achegados polo Servizo Galego de Saúde a sufragar os custos derivados das prazas de profesor asociado en ciencias da saúde T3-P3 que figuran no Anexo II.



- c) Porá a disposición do alumnado en formación os recursos que se precisen da Universidade.
- d) A planificación do cadro de persoal docente que imparte docencia teórica-práctica no grao de Enxeñaría Biomédica.
- e) Establecer os procedementos de selección e provisión temporal de postos de persoal docente contratado como profesor asociado en ciencias da saúde T3-P3 con participación, no seu caso, do Servizo Galego de Saúde.

Así mesmo, consonte co que establecen os artigos 40.1.g) e h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas da Universidade de Vigo, en tanto que beneficiaria:

- a) Cumprir os requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, para obter a condición de beneficiaria.
- b) A do reintegro, total ou parcial, da subvención no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión,
- c) Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

Cuarta. *Compensación económica*

1. A Universidade de Vigo é a beneficiaria da subvención, para así garantir o desenvolvemento do programa formativo do grao de Enxeñaría Biomédica.
2. O Servizo Galego de Saúde participará no financiamento do obxecto do convenio coa achega de 69.995,52 € nos anos 2025 e seguintes segundo se recolle no Anexo II, a cargo da partida orzamentaria 3601/412A/444.0 “Convenios con Universidades”, quedando condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para os ditos anos.
3. A xustificación dos gastos e o seu pagamento, así como do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención, consistirá na certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida no senso do disposto no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Toda a documentación de xustificación deberá de achegarse por calquera dos medios



previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, á Xerencia do Servizo Galego de Saúde.

De acordo co establecido no artigo 62 e 65.4 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, efectuarase o libramento da axuda do seguinte xeito:

Pagamentos consonte ao artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro: mediante pagamentos parciais unha vez xustificadas os gastos comprensivos de polo menos o 25% do importe do convenio para cada exercicio, por parte da beneficiaria.

A data límite de presentación da documentación xustificativa dos gastos que restasen para aboar ata acadar o 100% de cada ano é o 16 de decembro de cada exercicio orzamentario.

Para a materialización dos referidos libramentos será necesaria a emisión de certificación favorable da Vicexerencia do Servizo Galego de Saúde.

Consonte ao disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, relativo á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social, *“a obriga de presentar a certificación prevista no artigo anterior poderá ser substituída pola declaración responsable do solicitante de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma nos seguintes casos: e) as subvencións outorgadas a favor das Universidades”*.

4. A subvención obxecto deste acordo é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Quinta. Cuestións comúns

1. As competencias en materia de situacións administrativas, réxime disciplinario e incompatibilidades do persoal docente axustaranse ao que dispón a normativa de aplicación.

2. Así mesmo, o estudantado do grao en Enxeñaría Biomédica da Escola de Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo deberá someterse ás regras de funcionamento, código ético e disciplina tanto da Área Sanitaria de Vigo como da Universidade de Vigo.



Sexta. Comisión Mixta de seguimento

1. Sen prexuízo das competencias atribuídas á comisión mixta prevista na Orde do 20 de decembro de 2001, para o seguimento deste convenio créase unha Comisión Mixta de seguimento, coa seguinte composición:

a) Por parte da Universidade de Vigo:

O/A reitor/a da universidade, ou persoa en quen delegue.

O/A director/a da Escola de Enxeñaría Industrial.

O/A director/a do departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde.

b) Por parte do Servizo Galego de Saúde:

O/A presidente/a do Servizo Galego de Saúde, ou persoa en quen delegue.

O/A xerente da Área Sanitaria de Vigo.

O/A coordinador/a do Grao en Enxeñaría Biomédica na Área Sanitaria de Vigo.

Se por razón da modificación da estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde se alterase a actual, a composición da Comisión Mixta de seguimento adaptárase correlativamente á nova estrutura orgánica, en función dos cargos equivalentes que se creen.

Cada persoa membro será designada pola máxima autoridade de cada unha das administracións representadas e debidamente notificadas á Comisión Mixta de seguimento.

2. Exercerán de forma rotatoria as funcións da presidencia desta Comisión Mixta de seguimento as persoas titulares da presidencia do Servizo Galego de Saúde e da Reitoría da Universidade de Vigo. A rotación da presidencia producirase por cursos académicos, correspondendo o primeiro ano á persoa titular da presidencia do Servizo Galego de Saúde.

3. Son funcións desta Comisión Mixta de seguimento:

a) Velar polo cumprimento do convenio, de acordo coa lexislación estatal e autonómica en materia de universidades, a normativa sanitaria de aplicación e os estatutos da Universidade de Vigo, así como a estrutura funcional das institucións sanitarias da Área Sanitaria de Vigo.

b) Establecer fórmulas de coordinación entre as actividades asistenciais e docentes,



coordinar a organización das materias obxecto deste acordo, respectando as competencias da universidade e das institucións sanitarias na planificación e organización dos seus servizos e unidades, e a prestación do servizo de asistencia sanitaria.

c) Sen prexuízo das competencias atribuídas legal e regulamentariamente aos órganos respectivos, a Comisión Mixta de seguimento poderá elaborar informes e estudos.

d) Elaborar informes sobre o número de alumnos/as que teñan que acceder ao grao en Enxeñaría Biomédica impartida pola Escola de Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo, en función das necesidades de Galicia no sector, sen prexuízo da competencia de proposta da Universidade de Vigo á Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional.

f) Propoñer a implantación daquelas innovacións no campo da Enxeñaría Biomédica que exixan esforzos conxuntos de ambas as dúas institucións.

g) Establecer as bases da coordinación entre as administracións implicadas para a consecución, disposición e utilización de fondos bibliográficos de materias relacionadas coa enxeñaría biomédica ou de ámbito biosanitario, co fin de satisfacer as necesidades das persoas profesionais docentes.

i) Propoñer, ás autoridades que competan, as modificacións deste acordo que se estimen convenientes.

j) Interpretar o presente acordo, sen que en ningún caso poida introducir modificacións.

k) Calquera outra establecida no presente convenio.

4. A Comisión reunirase cando menos unha vez en cada curso académico, adoptará os acordos por unanimidade e levantará acta do contido de cada unha das reunións. De forma supletoria aplicarase o disposto, respecto dos órganos colexiados, na normativa que os regula os órganos na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais das reunións ordinarias debe regularse a posibilidade de solicitar de xeito motivado da presidencia a convocatoria da comisión para tratar algunha cuestión de interese común con carácter extraordinario, a petición de todas as persoas membros dunha das dúas institucións.

Sétima. Vixencia

Este acordo terá efectos dende o día da súa firma e manterá a súa vixencia durante catro anos. Ambas as dúas partes poderán acordar a súa prórroga mediante acordo escrito, de conformidade co que dispón a letra h) do artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Non obstante, o presente convenio cubrirá os importes devengados no primeiro trimestre do 2025, correspondentes ao curso académico 2024-25.



Oitava. Modificación e causas de resolución

O presente convenio poderá modificarse por acordo das partes, mediante a subscripción da correspondente Addenda, e seguindo os trámites preceptivos establecidos no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De conformidade co establecido no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- b) O mutuo acordo das partes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- d) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) Calquera outra causa distinta das anteriores prevista noutras leis.

Asi mesmo, as partes asinantes poderán resolver este Convenio por denuncia de calquera das mesmas mediante preaviso comunicado á outra parte cun mínimo de quince días de antelación á data de resolución proposta sen que isto supoña incumprimento algún do presente Convenio.

Novena. Natureza do acordo e xurisdición.

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa. As dúbidas que se poidan formular sobre a súa interpretación resolveranse de mutuo acordo entre as partes pola Comisión Mixta. Non obstante, en caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

En todo o non disposto por este convenio, no que o réxime do financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, e máis concretamente na citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

As partes comprométense a resolver de mutuo acordo, no seo da Comisión mixta de seguimento, as incidencias que poidan xurdir no cumprimento do presente Convenio.

As cuestións litixiosas que se susciten entre as partes, e que non poidan resolverse de mutuo acordo, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.



Décima. Protección de datos

As partes manifestan e se comprometen a darlles aos datos de carácter persoal que sexan obxecto de tratamento como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio un uso adecuado no marco do disposto pola normativa europea en materia de protección de datos de carácter persoal integrado polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPDP) e as normas de desenvolvemento que a cada parte lles resultes aplicables.

Na execución deste convenio as partes declaran que asumen a condición de responsables do tratamento independentes, xa que cada unha no seu propio ámbito de actuación determina os medios e os fins dos tratamentos de datos necesarios; e que non se dan as condicións para ser consideradas corresponsables do tratamento ao abeiro do previsto no RXPDP. En consecuencia, cada unha das partes asinantes responderá individualmente fronte ás persoas afectadas e fronte ás autoridades de control competentes, do incumprimento das súas obrigas correspondentes en materia de protección de datos persoais, así como das infraccións en que tivese incorrido.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante comunicación ao enderezo social do responsable do tratamento que corresponda, así como, de existir, a través de correo electrónico aos respectivos delegados de protección de datos. Se a solicitude de exercicio de dereitos se presentase diante da parte que non sexa a competente para a súa tramitación e resolución, esta daralle traslado á competente á maior brevidade posible, informando disto á persoa interesada.

Se a correcta execución dalgunha das prestacións deste convenio requirise a cesión de datos persoais dunha das partes á outra, esta terá a súa base de lexitimación, cando menos, no cumprimento do presente convenio, de conformidade co establecido no artigo 6.1.b) do RXPDP, sempre e cando se limite aos mínimos imprescindibles para acadar o fin perseguido. En todo caso, a entidade cesionaria adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais cedidos durante a vixencia deste convenio

Undécima. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio marco de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervenientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro.



O Servizo Galego de Saúde dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

E en proba de conformidade, os representantes das entidades asinan o presente acordo en dous exemplares orixinais igualmente válidos e estampan neles as súas respectivas firmas no lugar e na data mencionadas.

Polo Servizo Galego de Saúde

Pola Universidade de Vigo

Antonio Gómez Caamaño

Manuel J. Reigosa Roger



ANEXO I

Distribución de contidos e prazas de profesorado a cubrir polo persoal profesional dependente da Área Sanitaria de Vigo.

Materias 2º curso	ECTS	Bloques temáticos	Horas totais profesor	Tipo de praza
Estrutura e Patoloxía Médica	9	Cardiocirculatorio	90	AT3P3
		Respiratorio	90	AT3P3
		Endocrino e Inmunoloxía	90	AT3P3
		Nefrourolóxico	90	AT3P3
Estrutura e Patoloxía Médico-Cirúrxica	6	Dixestivo	90	AT3P3
		Locomotor	90	AT3P3
		Sistema nervioso e órganos sentidos	90	AT3P3

Materias 3ª curso	ECTS	Bloques temáticos	Horas totais profesor	Tipo de praza
Enxeñaría Clínica e Hospitalaria	6	Organización e xestión dos sistemas de saúde e xestión do equipamento, seguridade e aseguramento de calidade	90	AT3P3
		Marco legal e regulatorio xeral hospitalario e de dispositivos, ética no ámbito hospitalario	90	AT3P3
		Avaliación de tecnoloxías sanitarias, hixiene e esterilización, Radiacións ionizantes, protección radiolóxica	90	AT3P3
Fundamentos de Tecnoloxía Hospitalaria	6	Image médica e fundamentos físicos. Tecnoloxía de radiación	90	AT3P3
		Sistemas de información hospitalarios e HCE	90	AT3P3
		Equipos de instrumentación diagnóstica e de apoio vital	90	AT3P3
		Sistemas de apoio á intervención, tecnoloxía de quirófano, sistemas de navegación e imaxe médica invasiva	90	AT3P3



Materias 4ª curso	ECTS	Contidos das prácticas	Horas totais profesor	Tipo de praza
Prácticas de Tecnoloxía Hospitalaria	6	Servizos clínicos	-	-
		Servizos centrais (laboratorios, radioloxía, nuclear radioterapia ...)	-	-
		Mantemento, electromedicina	180	2 x AT3P3



ANEXO II

A seguinte táboa presenta o custe total máximo do Profesorado Asociado de Ciencias da Saúde (PACS) necesario para a impartición do grao en Enxeñaría Biomédica por ano académico.

Curso	Nº prazas	Tipo de praza	Custe por praza	Custe total
2024-25 e seguintes	16	AT3P3	8.749,44 €	139.991,04€

O custe total é por exercicio económico (ano natural), tendo en conta que cada curso académico comeza o 1 de setembro e remata o 31 de agosto, sería o seguinte:

Ano	Nº prazas	Custe total	Custe para Uvigo	Custe para SERGAS
2025 e seguintes	16	139.991,04€	69.995,52 €	69.995,52 €

Notas:

- Cómpre ter en conta que o curso académico transcorre en dous exercicios orzamentarios distintos, e os pagos deben imputarse a cada exercicio corrente. Deste xeito, dado que o convenio precedente (2021-2025) rematou en marzo do 2025, queda pendente de pagamento do primeiro trimestre do 2025, correspondente ao curso 2024-25 (que rematará o 31 de agosto de 2025), polo que o convenio presente abranguería o pagamento correspondente aos cursos 2024-25, 2025-26, 2026-27, 2027-28, e a parte correspondente do curso 2028-29 até o 16 de decembro de 2028, cubrindo os exercicios orzamentarios 2025-2028 (4 anos).
- Tómase como custe anual de referencia o dun PACS T3P3 que cotice no Réxime Xeral da Seguridade Social fixo, que para 2025 é de 8.749,44 €. Se algunha praza é ocupada por un traballador de alta no Réxime de MUFACE, as cantidades indicadas deberán reducirse á hora de facer a liquidación correspondente.
- As cantidades indicadas deberán actualizarse anualmente en función das modificacións salariais *que se produzan*.

